Nº 69
05/12/2018

Deputación DA CORUÑA

Boletín de Medio Ambiente

Día Mundial do Solo

O ano 2002 a Unión Internacional das Ciencias do Solo declarou o 5 de Decembro Día Mundial do Solo co fin de resaltar a súa importancia como un compoñente crítico do sistema natural e a súa contribución vital ao benestar da humanidade.

Para este ano 2018 celébrase a campaña "Sé a solución á contaminación do chan", que ten como obxectivo concienciar a persoas para acabar coa polución do chan, baixo a etiqueta #StopSoilPollution.

Noticias

Irlanda sacrifica unha ancestral fonte de enerxía para loitar contra o cambio climático

Bord na Móna, a empresa encargada de traballar nas turberas, anunciou que pecharía 17 das turberas activas, xunto cun proxecto de cerrar no próximos sete anos as 45 que quedarán.

Nostalxia, pois eran moi típicas da zona, pero tamén aceptación, dada a cada vez maior consciencia de que as turberas emiten gases invernadoiro que empeoran o cambio climático, facendo necesario un cambio cara a enerxía renovables. "A descarbonización é o maior desafío ao que se enfronta o planeta", asegurou *Tom Donnellan*, director executivo da empresa.

Fonte: El Diario

Aínda que o sol púxose, esta renovable segue xerando enerxía

Grazas á súa capacidade de almacenaxe, as plantas termosolares seguen xerando enerxía horas despois de que se puxo o sol. Esta característica, xunto á notable caída dos seus custos de xeración, fan da termosolar unha candidata ideal a converterse na fonte de enerxía de respaldo á solar fotovoltaica e á eólica, as dúas renovables chamadas a ser as grandes subministradoras de enerxía no sistema eléctrico español.

"Segue xerando electricidade pasadas desde 7 ata 15 horas tras a posta do sol", asegura Luís Crespo, presidente de *Protermosolar*.

Fonte: La Vanguardia

Un cume contra o cambio climático na patria europea do carbón

Preto de *Katowice*, a cidade polaca na que se celebrou o 24ª cume do clima da ONU está a central térmica de *Belchatow*, unha xigantesca planta que xera electricidade a partir de de carbón. En 2017 xerou 37,6 millóns de toneladas de CO_2. É dicir, as chemineas desta planta expulsaron en 2017 case os mesmos gases que Lituania e Estonia xuntas.

Polonia, que xa organizou antes dous cumes do clima, é o bastión do carbón en Europa; tanto no seu uso para xerar electricidade como polo seu potente sector mineiro. E o seu Goberno está moi interesado en que o cume deste ano teña un espazo para unha transición xusta dos traballadores que queden sen emprego no proceso de descarbonización.

Doutra banda discutiuse o cumprimento do Acordo de París, pois a temperatura do planeta está a aumentar un grao no canto de reducirse, como se pretendía. A suma dos plans que puxeron sobre a mesa cada Estado levarán a un aumento de máis de 3 graos. Por iso, fai falta que se revisen á alza eses plans de recortes.

Fonte: El País

O Olmo de Navallas, elixido mellor árbore de España

O Olmo centenario de Navallas, en Castelló, foi elixido entre o dez árbores monumentais españois como representante para o concurso a nivel europeo 'Árbore do ano 2019' con 95.130 votos.

O segundo clasificado foi a Palmeira Imperial de Elxe, en Alacante, con 77.182 votos, e o Almendro Real de Valverde de Leganés, en Badaxoz, con 29.543, segundo fontes de Bosques sen Fronteiras.

Fonte: El Diario

Alimentos 'eco': nin máis sans nin sempre mellores para o medio ambiente

A Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria mantén que non hai diferenzas, a nivel nutricional e ambiental, entre os alimentos ecolóxicos e os de produción convencional.

Pensemos que en moitos supermercados hai produtos ecolóxicos procedentes doutros países. Cabería preguntarse si os avións ou camións que os transportaron funcionan con combustibles fósiles.

Doutra banda, estes alimentos veñen envolvidos en plástico. E ademais, tampouco respectan os ciclos naturais. A súa produción non decae en todo o ano, podemos ter produtos típicos de verán, durante todo o ano. E isto é posible porque a práctica totalidade de produtos con selo ecolóxico realízase baixo plástico en invernadoiro e en cámaras de maduración.

Fonte: El País

Sabías que...

o 95% dos alimentos proveñen do solo e que o 33% dos solos do planeta están degradados?

O solo retén o triplo de carbono que a atmosfera e pode axudarnos a loitar contra o cambio climático. Cun incremento da poboación mundial que se espera que alcance os 9000 millóns en 2050, a contaminación do solo é un problema mundial que degrada os nosos solos, envenena os alimentos que comemos, a auga que bebemos e o aire que respiramos.

Boas Prácticas

O sudor xera enerxía

O primeiro centro deportivo de España no que o movemento se converte en enerxía atópase en Alcobendas, Madrid.

"As máquinas de cardio (bicis de *spinning*, cintas de correr e elípticas) aproveitan a túa enerxía e, á súa vez, xérana para transformala en *watts*" comenta a fisio do centro. E, aínda que eses *watts* non chegan a ser tales como para abastecer ao ximnasio, axudan a que o volúmen de electricidade que se consuma sexa menor e, polo tanto, a súa contaminación redúzase.

Os *watts* que xeran os clientes vanse acumulando e despois, de forma individual, poderán ter descontos noutros servizos ou actividades do centro ou na súa cota mensual.

Fonte: 20 Minutos

Por cada reloxo que venden, plantan 8.000 quilos de madeira

Os irmáns Íñiguez, fundadores de ONE OAK, devolven ao planeta, cos seus productos, moita máis madeira da que utilizan para fabricalos. Por exemplo, para fabricar un reloxo utilizan uns 200 gramos de madeira e a cambio plantan unha árbore que produce uns 8.000 quilos.

Os clientes identifícanse co proxecto, porque cando adquiren un reloxo escollen o nome que queren que se lle poña á árbore que van plantar. Cando se produce a reforestación fanlle unha foto e envíanlla para que vexan que a súa árbore existe e que participou na creación dese bosque.

Fonte: La Voz de Galicia

Concurso de reciclaxe para nenos

Alumnos de 150 centros de educación primaria e secundaria de toda Galicia participan na campaña *Pilabot*, unha iniciativa pioneira impulsada pola Consellería de Medio Ambiente para fomentar a recollida de pilas e baterías ao tempo que se conciencia ás novas xeracións sobre o impacto medioambiental deste tipo de residuos.

A campaña inclúe como actividade estrela un concurso de reciclaxe de forma que os centros participantes que consigan as mellores cifras de recollida recibirán un premio económico, que deberán destinar á compra de material escolar ou deportivo para actividades educativas.

Fonte: Xunta

Axenda Ambiental

- 7/12/2018 – 09/12/2018 VII Festival Internacional de Cine e Natureza "Val de Fuenfría". Madrid.
- 10/12/2018 – 16/12/2018 Proxecto Libera. 1m^2 por o campo, os bosques e o monte.
- 13/12/2018 Adaptación ao cambio climático dende a perspectiva local: Foro de boas prácticas na xestión ambiental municipal. Oleiros.